

**TEMA 5: FILOSOFÍA MODERNA 2:  
(IM)MANUEL KANT**



**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  
(PREGUNTAS TEÓRICAS ABAU)**

**1) RAZÓN E PROGRESO NA ILUSTRACIÓN**

**2) OS LÍMITES DO COÑECEMENTO EN KANT**

**3) A LEI MORAL EN KANT**

# ESQUEMA TEMA

⇒ CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO TEXTO

⇒ ALGÚNS TERMOS KANTIANOS IMPORTANTES (Para “irse preparando”)

⇒ ESQUEMAS DE INTERESE (Para “prepararse un pouco máis”)

**A) RAZÓN E PROGRESO NA ILUSTRACIÓN**

**(síntese)**

**B) OS LÍMITES DO COÑECEMENTO EN KANT**

**C) A LEI MORAL EN KANT**

**D) TEXTOS KANT**

## CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO TEXTO

**Manuel (Immanuel) Kant** é un autor do **século XVIII** nacido en **Königsberg (Prusia)**. Pertence á FILOSOFÍA MODERNA. É un dos máximos representantes do pensamento do seu tempo: **A Ilustración**. A súa filosofía é a **Filosofía Crítica**, que podemos denominar **Idealismo Transcendental**.

Fillo duns **proxenitores honrados y honestos** [(refírese aos seus pais sempre con veneración, lembrando á súa nai como unha persoa bondadosa, austera e profundamente relixiosa),] que lle transmitiron os valores morais do **pietismo** [(unha escisión radical do luteranismo)], o que que influirá na súa concepción ética. **Educouse no Collegium Fridericianum**. O pietismo dominaba tamén toda a organización do colexio, o que supoñía unha profunda relixiosidade e un tipo de vida dominado pola austeridade. Alí adquiriu Kant sólidos coñecementos das linguas clásicas, así como de matemáticas e lóxica. Máis tarde **ingresa na Universidade de Königsberg**, onde se matriculou na Facultade de Filosofía e centrou o seu interese na Filosofía, na Teoloxía, nas Matemáticas e nas Ciencias naturais e onde é iniciado no **racionalismo** de **Christian Wolf** así como na **física newtoniana**. Termina os seus estudos na Universidade e **exercerá como profesor particular**. Obterá na Universidade de Königsberg o título de **Doutor en Filosofía** e logo a habilitación para exercer como **profesor auxiliar** (Privatdozent) **na mesma Universidade**, na que permanecería xa ao longo de toda a súa carreira docente. [En 1762] Prodúcese un xiro no seu pensamento motivado pola lectura e meditación das obras de **David Hume**. Segundo Kant, Hume tivo o mérito de espertalo do seu “soño dogmático” a través da súa crítica radical aos principios da metafísica. Sen embargo, Kant quere **escapar da saída escéptica** do autor do *Tratado da Natureza Humana*. Tamén nesa época le aos **ilustrados franceses**, e en especial a **Rousseau**, ao que considera “o Newton da orde moral”. Con el coincide na primacía da razón práctica e na defensa da liberdade.

Pouco tempo despois é proposto para a **cátedra de Lóxica e Metafísica da Universidade de Königsberg**, tomando posesión dela o ano 1770 cos súa famosa “Disertación”. [(titulada: **A forma e os principios do mundo sensible e intelixible** (1770)], considerada a primeira pedra do edificio do criticismo ou filosofía crítica. Co seu nomeamento como Catedrático o seu labor docente ocúpalle menos tempo, podendo dedicarse máis intensamente a ordenar os seus pensamentos e a desenvolver a súa filosofía. Pero, malia ter anunciado repetidamente a aparición da súa obra, esta non se publicará ata **11 anos despois**, en 1781, co título de "Kritik der reinen Vernunft" (**Crítica da razón pura**). Comprou unha casa en Königsberg na que viviría ata a súa morte. Kant gustaba das relacións sociais, (aínda que non contraeu matrimonio), e mantivo un faladoiro cun grupo de amizades ao longo de toda a súa vida. Kant **non saíu de Königsberg**, onde levou unha **vida que se caracterizou pola súa sinxeleza, regularidade, e ausencia de perturbacións, a non ser o conflito que mantivo coa censura baixo o reinado de Federico Guillermo II**, a raíz da publicación da súa obra "A relixión dentro dos límites da razón". Kant **viuse obrigado a asinar un escrito comprometéndose a non volver falar nin escribir publicamente de relixión**, promesa da que se sentiu desvinculado á morte do emperador.

O 12 de febreiro de 1804 **morría na súa cidade natal, séndolle rendidos os últimos honores nun gran funeral**. Para entón a filosofía de Kant acadara xa gran difusión e aceptación nos principais círculos culturais de Alemaña e un considerábel eco no resto de Europa.

Unha cita famosa, "O CEO ESTRELADO SOBRE MIN E A LEI MORAL DENTRO DE MIN", é un resumo dos seus esforzos: el pretendía explicar, nunha teoría sistemática, aquelas dúas áreas. Isaac Newton desenvolvera a teoría da física baixo a cal Kant quería edificar a súa filosofía. [O seu interese na ciencia tamén o levou a propor en 1755 que o Sistema Solar fora creado a partir dunha

nube de gas na cal os obxectos se condensaron debido á gravidade. Esta hipótese é amplamente recoñecida como a primeira teoría moderna da formación do Sistema Solar e é precursora das actuais teorías da formación estelar].

Os seus **IDEAIS LIBERAIS LEVÁRONO A DEFENDER A INDEPENDENCIA DOS EEUU E OS IDEAIS DA REVOLUCIÓN FRANCESA. ERA UN PACIFISTA CONVENCIDO, ANTIMILITARISTA, E OPÚXOSE A TODO PATRIOTISMO NACIONALISTA EXCLUÍNTE.**

En resumo, os problemas que lle preocupan concéntranse nas súas grandes cuestións: “**que podo saber?**”, “**que debo facer?**”, “**que podo esperar?**”, que nos levan á gran e última pregunta: “**que é o home?**”.

En canto á súa obra, adóitase dividir a obra de Kant en dous períodos: o precrítico e o crítico.

**Precrítico.**- Abarcaría toda a actividade filosófica kantiana ata a "Disertación" de 1770. **Crítico.**- Sería a súa actividade filosófica posterior, no que desenvolve o seu pensamento nunha dirección distinta, cuxas liñas fundamentais expón na "Crítica da razón pura".

Destacan, ademais da **Crítica da Razón Pura** (onde expón o seu su proxecto criticista, realiza a síntese entre racionalismo e empirismo e reflexiona sobre se a metafísica é unha ciencia), a **Crítica da Razón Práctica**, a súa obra ética máis importante xunto coa **Fundamentación da metafísica dos costumes** e a **Crítica do Xuízo** [(1790)]. Outras obras relevantes son **Resposta á pregunta: Qué é a Ilustración?** [(1784)], **Prolegómenos a toda metafísica futura**, e **A paz perpetua** [(1795)].

**Opus Postumum (Obra póstuma).**- Recolle os escritos non editados por Kant nos que traballaba antes da súa morte e que manifestan unha evolución do seu pensamento cara as posicións que defenderá posteriormente o idealismo alemán.



Páxinas web:

<http://www.webdianoia.com/gl/moderna/kant/kant.htm> (Máis que recomendable. Vida, obras, desenvolvemento da filosofía do autor, curiosidades, etc. Inclúe opción en galego ou castelán!!)

<http://www.slideshare.net/fg.marga/kant-y-la-ilustracin> (presentación con interesantes esquemas conceptuais da Ilustración e de toda a vida-obra e filosofía Kantiana. En castelán).

<http://www.liceus.com/cgi-bin/ac/pu/Kantcou.asp> (completa visión da filosofía de Kant. En castelán).

[http://www.tomasabraham.com.ar/seminarios/damico\\_kant](http://www.tomasabraham.com.ar/seminarios/damico_kant). (“Un día na vida de Kant”. Traballo máis que recomendable no que se mesturan vida e filosofía Kantiana. En castelán).

## ALGÚNS TERMOS KANTIANOS IMPORTANTES

**A PRIORI:** O que é anterior a experiencia, o que vén dado antes ou á marxe dela.

**A POSTERIORI:** O que se obtén da experiencia, a partir dela, e, polo tanto, "posterior" a ela.

**XUÍZO:** Oración enunciativa cuxa forma xeral é "S é P", onde S é un suxeito calquera e P un predicado calquera. Forma baixo a que se enuncian as leis da ciencia.

**XUÍZOS ANALÍTICOS:** Aqueles nos que o predicado se pode obter pola análise do suxeito (Ex.: un casado é un non solteiro). Non nos dan coñecemento da experiencia ("contidos"), polo que son meramente formais. A regra pola que se rexen é a non-contradición. Son os máis valorados no racionalismo para a enunciación das leis científicas. Son *a priori*.

**XUÍZOS SINTÉTICOS:** Non teñen o predicado incluído na definición do suxeito. Para obtelo (o predicado) hai que recorrer á experiencia (Ex: A Catedral de Sevilla é enorme). Son, xa que logo, *a posteriori*. Son os máis valorados polo empirismo para a enunciación das leis científicas.

**PURO:** O que non ten contido (o *a priori*). O que non vén dado pola experiencia.

**FENÓMENO:** Todo o dado a un suxeito. Pero para que algo sexa dado a un suxeito ten que vir dado no espazo e no tempo e ordenado de acordo ós "conceptos puros do entendemento ou categorías". Vir "dado" quere dicir "dado nunha experiencia" e, xa que logo, "dado na sensibilidade".

**NÓUMENO:** O non sensible ou puramente intelixible. Kant chámalo "intelixible puro" e só pode ser apprehendido pola intelixencia á marxe da experiencia. Pero **non pode ser obxecto da ciencia**. Por iso é aí onde Kant sitúa os NÓUMENOS ou "**Ideas ou Conceptos da Razón Pura**" = "**Deus**", "**Mundo**" e "**Alma**".

**MÁXIMA:** A regra que rexe a túa acción. ("Mandamento propio").


**POSTULADOS:** Kant chama postulados á "**A existencia de Deus**", a "**liberdade**" e a "**inmortalidade la alma**", porque **non poden ser demostrados a partir dos datos da experiencia** senón que, polo contrario, eles **son a condición para que a realización da moralidade sexa posible** (así como da conxunción ou harmonía de moral (deber) e felicidade). Un postulado é aquilo que non é demostrable, pero que é NECESARIO para que outro se dea (a moral, neste caso).

**USO REGULATIVO DAS IDEAS:** Consiste en usalas para ordenar (regular) todo o coñecemento proporcionado pola experiencia. Dentro da razón teórica o único uso lexítimo é este.

**USO CONSTITUTIVO DAS IDEAS:** É o uso que se fai delas cando se toman coma obxectos da experiencia e a razón comeza a emitir xuízos nunha lei que aspira á ser científica. Tal uso **é o que fai a metafísica e é ilexítimo**. Conduce a razón a contradicións que se chaman **paraloxismos** cando se refiren á alma e **antinomías** cando se refiren ao mundo



# ESQUEMAS DE INTERESE



**IDEALISMO**

**EXPERIENCIA**

**TRANSCENDENTAL**

**SUXEITO- O transcendental**

↙(A priori)



Aquilo que o suxeito leva

(-intuicións e ideas puras; -categorías)


↘ **OBXECTO- O transcendente**

**ESQUEMA 1 “CRÍTICA DA RAZÓN PURA”**

**COÑECER = SÍNTESE ENTRE O DADO (O QUE ME VÉN DE FÓRA ≅ EMPIRISMO) E O POSTO (O QUE EU POÑO, P. EX: ESPAZO E TEMPO, CATEGORÍAS ≅ RACIONALISMO); COÑECER = SÍNTESE ENTRE O QUE RECIBIMOS E O QUE APORTAMOS.**

Poderíamos facer, partindo do dito, o seguinte cadro:

(CADRO 1)



\* (O Espazo e o Tempo = **Formas ou intuicións puras**)

ESQUEMA 2 "CRÍTICA DA RAZÓN PURA"

<u>PARTES LIBRO</u>	<u>NIVEL COÑECEMENTO</u>	<u>SÍNTESE</u>	<u>POSIBILIDADE</u>
ESTÉTICA	SENSIBILIDADE	SENSACIONES	MATEMÁTICAS. ⇒ SI!
TRANSCENDENTAL	(COÑEC. SENSORIAL)	(impresións)	(Xeometría e Aritmética)
		+	
		ESPAAZO/TEMPO	
		(formas ou intuicións puras)	
ANALÍTICA	ENTENDEMENTO	SENSACIONES + E/T	FÍSICA. ⇒SI!
TRANSCENDENTAL	(INTELECTO)	(intuicións da	
	" <i>verstand</i> "	sensibilidade)=fenómenos	
		+	
		CATEGORÍAS	
		(conceptos puros)	
DIALÉCTICA	RAZÓN	(CONCEPTOS E	META FÍSICA. ⇒NON!!!
TRANSCENDENTAL	(RAZÓN PURA)	XUÍZOS)	
	" <i>vernunft</i> "	+?? ✕	
		IDEAS PURAS	



## **A) RAZÓN E PROGRESO NA ILUSTRACIÓN**

Co nome de **Ilustración** designase un conxunto de ideas, un tanto impreciso, que configuran o **marco intelectual compartido polos filósofos europeos do século XVIII**. Esta mentalidade é o resultado dunha paulatina transformación da sociedade e da cultura europea, que comezou no Renacemento, e acadou o seu máximo esplendor neste século. A confianza depositada na Razón nesta época é plena. Como norma xeral, os intelectuais do momento promoven o principio de **soberanía da Razón con exclusión de calquera outra autoridade**. Trátase, polo tanto, dunha **Razón crítica e secularizada**, é dicir, LIBRE DE ATADURAS RELIXIOSAS, DE TRADICIÓNS INFUNDADAS E CENTRADA EN TEMAS MUNDANOS CON IMPLICACIÓNS VITAIS DIRECTAS, COMO PODEN SER A PESCUA DAS LEIS DA NATUREZA (CIENCIA), A PRODUCCIÓN DE NOVOS ARTEFACTOS E INSTRUMENTOS (TÉCNICA) OU A CONSECUCCIÓN DUNHA ORGANIZACIÓN SOCIAL E POLÍTICA MÁIS HUMANA E CENTRADA NOS DEREITOS E LIBERDADES DOS INDIVIDUOS.

Toda oposición a esta maneira de entender a cultura considérase un atraso propio dos estados incivilizados ou salvaxes, que impiden a auténtica realización das posibilidades intrínsecas á condición humana. En consecuencia, o **PROGRESO** consistirá no AVANCE NAS CIENCIAS, NAS TÉCNICAS E NA POLÍTICA, DE XEITO QUE TODO ISO CONDUZA A UN BENESTAR XERAL E Á LIBERDADE E FELICIDADE DE TODOS.

Por todo isto, **o programa ilustrado non se concibe como unha tarefa individual**, nin sequera dun grupo reducido de individuos intelctualmente privilexiados, SENÓN COMO UNHA TAREFA UNIVERSAL NA QUE DEBERÍAN PARTICIPAR OS GOBERNOS E O CONXUNTO DAS INSTITUCIÓNS SOCIAIS FOMENTANDO A DIFUSIÓN DA CULTURA E DO SABER A TRAVÉS DUNHA “EDUCACIÓN PANORÁMICA”. **TODOS OS SERES HUMANOS TEÑEN DEREITO Á FELICIDADE, E COMO AGORA PÉNSASE QUE PARA LOGRAR ISO PRECÍSASE DO COÑECEMENTO, ENTÓN TODOS TEÑEN DEREITO A UNHA EDUCACIÓN SUFICIENTE E COMPLETA. O RECEPTOR DA EDUCACIÓN, POLO TANTO, É A HUMANIDADE ENTEIRA E NON SÓ UNS POUÇOS**. Isto require, evidentemente, a **obriga dos Estados de cara a proporcionar os servizos necesarios que precisa esa labor**. Ese ideal tamén explica que o século XVIII sexa especialmente prolixo en publicacións especializadas e enciclopedias destinadas ao gran público. O FEITO CULTURAL QUE MELLOR PLASMA AS NOVAS DEMANDAS FOI A PUBLICACIÓN DA **ENCICLOPEDIA** EN FRANCIA. BAIXO A DIRECCIÓN DE **DIDEROT**, desde mediados de século, e durante trinta anos, vanse publicando volumes que **poñen ao alcance do conxunto da poboación todo o que se sabe sobre ciencia, oficios, ideas políticas, relixións, etc.** OS ILUSTRADOS ERAN PROFUNDAMENTE OPTIMISTAS POIS PENSABAN QUE CO IMPULSO DUNHA RAZÓN ILUSTRADA A HISTORIA HUMANA NUNCA DEIXARÍA DE PROGRESAR, TANTO DESDE UN PUNTO DE VISTA MATERIAL COMO SOCIAL E POLÍTICO.

Desde o punto de vista da historia do pensamento, O FILÓSOFO MÁIS RELEVANTE DA ÉPOCA FOI O ALEMÁN IMMANUEL KANT. Este **asumiu plenamente os ideais da Ilustración e depositou tamén toda a súa confianza no poder da razón**, a única facultade válida, segundo el, para analizar e clarificar todos os temas que afectan ao ser humano: ciencia, filosofía, ética, política, estética, relixión, etc. ISTO É O MESMO QUE RECLAMABA TODA A INTELECTUALIDADE DA ÉPOCA, ISTO É, A RAZÓN COMO BANDEIRA; COMO A ÚNICA LUZ QUE ORIENTA E GUÍA A VIDA HUMANA. Nun breve ensaio titulado **Que é a Ilustración?** Kant di que **AS PERSOAS QUE NON SE DEIXAN GUIAR POLA RAZÓN VIVEN EN “MINORÍA DE IDADE”**. En realidade, Kant **pensa que** a pesar de vivir nunha

época na que se reivindica a ilustración, a maioría das persoas vivían aínda dun xeito non-ilustrado, é dicir, en minoría de idade. A causa disto radicaría no feito de que **AS PERSOAS SON PREGUIZOSAS INTELLECTUALMENTE** e, como tamén di Kant, **NON SE ATREVEN A VALERSE DO SEU PROPIO ENTENDEMENTO**. Significa isto que **OS INDIVIDUOS SON INCAPACES DE PENSAR POR SI MESMOS RESULTÁNDOLLES MÁIS CÓMODO DEIXAR QUE OUTROS PENSEN POR ELES E DELEGANDO TAMÉN NELES A TOMA DE DECISIÓNS**. Mentres isto non se corrixa, opina Kant, aínda se está lonxe de vivir propiamente nunha época ilustrada. De modo que **A AUTONOMÍA INTELLECTUAL, isto é, que cada un exerza a súa liberdade de conciencia e tome decisións por si mesmo en ausencia de coaccións ou tutelas externas, TEN QUE SER O SELO DISTINTIVO DA ILUSTRACIÓN SEGUNDO KANT. DE ACADARSE ISTO DUN MODO XENERALIZADO ENTÓN XA SERÁ A RAZÓN, E NADA MÁIS QUE A RAZÓN, QUEN DIRIXA A HISTORIA HUMANA POR UN CAMIÑO DE CONSTANTE PROGRESO. O IDEAL ao que deste xeito se tendería, e AO QUE A HUMANIDADE SE IRÍA ACHEGANDO CADA VEZ MÁIS PERO POSIBLEMENTE SEN ACADALO NUNCA PLENAMENTE, SERÍA UNHA SOCIEDADE PERFECTA, PACÍFICA E ORGANIZADA COMO UNHA ÚNICA SOCIEDADE INTERNACIONAL.**

A importancia e influencia histórica destas ideas aínda se pode notar na institución da **ONU (Organización das Nacións Unidas)**, que ten como un dos seus principais propósitos asentar a paz e cooperación internacional a través dun organismo político de carácter supranacional; tamén na **DUDH (Declaración Universal dos Dereitos Humanos)**, entendidos como unhas normas e dereitos comúns a toda a humanidade.



## B) OS LÍMITES DO COÑECEMENTO EN KANT

O pensamento de Kant representa o intento vigoroso e orixinal de superar sintetizándoas as dúas correntes fundamentais da modernidade: o racionalismo e o empirismo. 🌟🌟

Das dúas correntes se segue unha interpretación tan distinta da razón que Kant necesita saber “qué significa orientarse no pensamento” (título dun opúsculo seu) e esa esixencia leva consigo a necesidade de **someter a xuízo á razón para resolver o antagonismo das interpretacións:**

1.- Por unha banda o **dogmatismo racionalista (Descartes)**, é dicir, a pretensión de que a soa razón –autosuficiente e á marxe da experiencia- poida interpretar a estrutura e o sentido da totalidade do real.

2.-Pola outra banda, o **positivismo empirista (Hume)**, cuxa derradeira expresión é o **escepticismo**, como o intento de reducir o pensamento ao dado polo sentidos coa conseguinte derrota da razón.

3.- Finalmente, tamén ten que lidar co **irracionalismo**, entendido como unha **hipervaloración do sentimento, da fe mística, ou do entusiasmo subxectivo e, por tanto, negador da razón mesma (Rousseau e a súa concepción da natureza humana baseada en meros bos sentimentos)**

A doutrina kantiana do coñecemento fúndase na distinción entre dúas **facultades ou fontes do coñecer**, que posúen trazos distintos, e ata opostos, entre si.

A facultade de sentir ou **SENSIBILIDADE** que é **pasiva** e se limita a recibir as impresións que veñen do exterior (cores, sons, etc.), **o que Hume denominaba “impresións de sensación”.**

A facultade de xulgar ou **ENTENDEMENTO** que, polo contrario, é **activo**. Tal actividade, chamada por Kant **“espontaneidade”**, consiste primordialmente en que o entendemento produce de forma espontánea certos conceptos e ideas sen derivalos da experiencia (Conceptos deste tipo son os de causalidade, necesidade, existencia, posibilidade, etc. Como son **non derivados** da experiencia chámanse **conceptos puros ou categorías**).

Agora ben, esta distinción entre sensibilidade e entendemento pode fundamentar filosofías moi distintas e, de feito, Kant pasa por elas:

a) En primeiro lugar, pode dar como resultado unha **doutrina racionalista**. Posto que o entendemento produce espontaneamente certos conceptos sen derivalos da experiencia, esta poderá coñecer a realidade derivándoa desas ideas innatas.

b) Impresionado pola filosofía de Hume, **Kant abandonou o racionalismo co que simpatizou ao principio do seu filosofar ( Kant dicía que Hume o espertou do “soño dogmático”)**. Se Kant está de acordo con Hume en que o noso coñecemento non pode ir máis aló da experiencia, que ocorre cos conceptos que non proceden dos sentidos e que produce o entendemento espontaneamente? 🌟🌟

Aínda que Kant recoñece con Descartes e o racionalismo a existencia deses conceptos non provenientes da experiencia non lles vai conceder ningún **contido** concreto como o que tiñan as ideas innatas cartesianas, senón que os vai entender como **FORMAS DE ENLACE POSIBLE ENTRE O SUXEITO E O PREDICADO DOS XUÍZOS COS QUE FALAMOS DO REAL**. Por iso lles chama **conceptos**

***puros do entendemento ou categorías.*** Eles non están dotados dun contido, senón da posibilidade de calquera contido. Son a posibilidade de coñecer calquera obxecto dado polos sentidos porque os ordenan e unifican. Son a posibilidade da experiencia (xunto co espazo e o tempo como condicións de posibilidade da sensibilidade).

*Baixo a influencia de Hume chegou, pois, Kant ás seguintes conclusións respecto dos conceptos non derivados da experiencia:*

a) **Que o entendemento os emprega para coñecer os obxectos dados polos sentidos (que, a súa vez, son obxectos dados porque se me dan nun espazo e nun tempo).**

b) **Que non poden ser lexitimamente empregados para referirse a algo do que non teñamos experiencia sensible. O concepto de substancia, que nos é imprescindible para unificar un conxunto de calidades sensibles (cores, etc.) non ten sentido aplicado, por exemplo, a Deus, do cal non temos experiencia sensible. 🌟🌟**

**Porén, A DIFERENZA DE HUME, KANT NEGA A TESE BÁSICA DE QUE TÓDOLOS NÓSOS CONCEPTOS PROVEÑEN DOS SENTIDOS. Para Kant AS CATEGORÍAS OU CONCEPTOS PUROS DO ENTENDEMENTO NON SÓ NON PROVEÑEN DA EXPERIENCIA, SENÓN QUE SON (XUNTO COAS INTUICIÓN PURAS DO ESPAZO E O TEMPO) AS CONDICIÓN DE POSIBILIDADE DA EXPERIENCIA OU AS CONDICIÓN DE POSIBILIDADE DA OBXECTIVIDADE. 🌟🌟**

Dun xeito abreviado pódese expor a doutrina do coñecemento en Kant como segue:

O propósito inicial de Kant cando escribe a ***Crítica da Razón Pura*** é **analizar se é posible a metafísica como ciencia.** Para entender esta cuestión debémonos preguntar, en primeiro lugar, qué se entende por metafísica e qué se entende por ciencia.

Por **metafísica** podemos entender, dende o tempo dos gregos, aquel saber que intenta atopar o SER do que hai (Aristóteles: “a ciencia do ser en tanto que ser”). A partir sobre todo do racionalismo, a metafísica fixouse, ademais, en determinados entes que aportaban, na súa consideración, un acceso privilexiado á realidade. Xorden así as metafísicas especiais que se chamarán “psicoloxía racional”, “cosmoloxía racional”, e “teoloxía racional” segundo privilexien o ente EU, o ente MUNDO ou o ente DEUS, nas súas explicacións do real.

Por **ciencia** entendemos, a dicir de Kant, **o coñecemento universal e necesario.** Vexamos isto polo miúdo:

O coñecemento é un saber capaz de determinar os obxectos. Por tanto, non tódolos saberes son coñecemento de obxectos. Por exemplo, a lóxica non nos fala dos obxectos senón só de cómo pensamos (sexa o que sexa o que pensemos). A filosofía moderna (tanto racionalismo como empirismo) ten distinguido os saberes que son coñecemento de obxectos dos que non o son mediante a diferenciación de dous tipos de xuízos segundo a súa relación entre suxeito e predicado: OS XUIZOS ANALÍTICOS E OS XUIZOS SINTÉTICOS. Os primeiros non nos proporcionan coñecemento de obxectos (non son extensivos) e só nos indican como empregamos os conceptos, non nos din nada acerca do mundo (por exemplo, “todos os solteiros son non casados”). **Neles a información aportada polo predicado xa está contida no suxeito.** Os xuízos sintéticos si proporcionan información sobre o mundo (son extensivos); de xeito que, para saber se son certos, non nos chega con analizar os conceptos que usan, senón que **temos que recorrer á experiencia para saber se os obxectos se comportan tal e como di o xuízo** (Por exemplo, “os ollos do meu pai e

do meu fillo son de cor castaña”). Neles a información contida no predicado non está contida no suxeito. Tamén podemos considerar os xuízos segundo a súa **relación á experiencia**: os xuízos **a priori** son aqueles cuxa validez é independente da experiencia e o coñecemento que nos aportan é universal e necesario; os xuízos **a posteriori** son aqueles cuxa validez depende da experiencia e o coñecemento que nos aportan é só probable.

Ata Kant (sobre todo seguindo a Hume) considerouse que para que un xuízo proporcione coñecemento (é dicir: sexa **sintético**) a súa validez ten que depender da experiencia (é dicir: ser **a posteriori**); e á inversa: se un xuízo é universal e necesario (é dicir: é **a priori**) non proporciona un saber de obxectos e, polo tanto, non incrementará a nosa información (é dicir, será **analítico**). Deste xeito só os sintéticos a posteriori aportan novo coñecemento, pero só son coñecemento probable polo que a ciencia como coñecemento do universal e necesario é imposible (esta foi a conclusión do empirismo de Hume). En consecuencia **O DESAFÍO DE KANT É DOBRE: MOSTRAR QUE NA CIENCIA SON POSIBLES OS XUIZOS SINTÉTICOS A PRIORI E COMPROBAR SE ESTAS CONDICIÓN S SE CUMPREN NO CASO DA METAFÍSICA.** 🍀🍀\*

**Copérnico**, ante a imposibilidade de manter un modelo xeocéntrico do universo, pensou que quizás tivese sentido un modelo onde a Terra estivese no centro e todo o demais xirase en torno a ela. Ese **XIRO COPERNICANO** foi o que posibilitou o desenvolvemento da física como ciencia. **KANT APLICA UN XIRO COPERNICANO AO COÑECEMENTO** 🍀🍀\*. Se o propósito dunha crítica da razón é ver se é posible unha metafísica científica, entón ten que supoñer un CAMBIO RESPECTO DA METAFÍSICA ANTERIOR NA SÚA COMPRESIÓN DA RELACIÓN SUXEITO –OBJECTO. Os Obxectos xa non se impondrán libremente ante a razón senón que **SERÁ A PROPIA RAZÓN A QUE IMPOÑA CONDICIÓN S A PRIORI PARA QUE OS OBJECTOS POIDAN SER COÑECIDOS**:

**ESAS CONDICIÓN S A PRIORI SON O ESPAZO E O TEMPO NA SENSIBILIDADE E OS CONCEPTOS PUROS DO ENTENDEMENTO OU CATEGORÍAS NO ENTENDEMENTO.** 🍀🍀\*

No caso da razón, é lícito empregar as súas Ideas cun USO REGULATIVO (páx. 5) da experiencia, sempre que sexamos conscientes de que non aportan un coñecemento dos obxectos aos que se refiren; pero **se traspasamos os límites dese uso regulativo da experiencia para darlles ilicitamente un USO CONSTITUTIVO (páx. 5)** da experiencia ao modo da ciencia, caemos nas contradición s propias da **METAFÍSICA (PARALOXISMOS) ⇒ “Argumentos ou razoamentos falsos, que se formulan sen unha vontade de engano”**; p.ex ⇒ Argumento ontolóxico de STO. ANSELMO; Demostración da Existencia de deus a través da proba das 5 vías de TOMÉ DE AQUINO; Demostración da existencia de deus a través da idea de infinito en DESCARTES E ANTINOMIAS (“Contradición s sen solución”), que non son senón expresión da súa IMPOSIBILIDADE COMO CIENCIA. 🍀🍀\*



## C) A LEI MORAL EN KANT

### [QUE DEBO FACER? ⇒ Fª MORAL

#### (RAZÓN PRÁCTICA)

Na "Critica da Razón Pura" analizamos cómo é posible o coñecemento, grazas a dous elementos:

- elemento material: as impresións sensibles procedentes do exterior;
- elemento formal: as formas a priori do espazo e do tempo que o suxeito impón a esas impresións e as categorías ou conceptos puros cos que opera o entendemento.

Temos analizado tamén ata onde chega o entendemento: ao mundo dos fenómenos: só podo aplicar as categorías aos fenómenos. O mundo metafísico, que está máis alá de toda experiencia, non me pode proporcionar un coñecemento obxectivo.

Pero o home non só se pregunta que podo coñecer?, senón tamén que debo facer?

Kant formúlase nas súas obras "Critica da Razón Práctica" e "Fundamentación da metafísica dos costumes" o **PROBLEMA ÉTICO**, é dicir, o problema de qué debe facer o home, de cómo ten quen regular a súa conduta.

Esta dobre vertente da razón:

- coñecemento de obxectos
- coñecemento moral

pode expresarse por medio da distinción entre **RAZÓN TEÓRICA** e **RAZÓN PRÁCTICA**. Non se trata de que no home haxa dúas razóns, senón de que a razón posúe dúas funcións perfectamente diferenciadas. A Razón Teórica ocúpase (como xa vimos) de coñecer como son as cousas, do coñecemento da natureza; a Razón Práctica ocúpase non de como son as cousas, senón de **como debe ser a conduta humana.**

CIENCIA; RAZÓN TEÓRICA ⇒ Ocupase do SER

MORAL; Fª MORAL; RAZÓN PRÁCTICA ⇒ Ocupase do DEBER SER.

CIENCIA; RAZÓN TEÓRICA ⇨ Formula XUÍZOS:

"a calor dilata os corpos".

MORAL; Fª MORAL; RAZÓN PRÁCTICA ⇨ Formula IMPERATIVOS (≅Mandamentos): "non matarás". ]

## O FORMALISMO MORAL DE KANT.-

Se foi notable a orixinalidade de Kant na súa teoría do coñecemento, non é menor a súa orixinalidade no campo da teoría moral.

ÉTICA KANTIANA ± NOVIDADE DENTRO DA Hª DA ÉTICA.

Ata Kant, as éticas foran materiais. A ética de Kant é unha ÉTICA FORMAL.

Vexamos: que é unha ÉTICA MATERIAL?

Podemos dicir, que unha ética material é unha ética que ten contido:

a) En canto que establece un ben supremo (p. ex: o pracer sería o contido da ética epicúrea; a felicidade, o contido da aristotélica; Deus, o contido da tomista...);

b) En canto que di o que terá que facerse (medios, normas) para conseguilo (p. ex: "*non comas en exceso*", "*afástate da política*" = preceptos, normas dos epicúreos; Dez Mandamentos + Lei Natural = preceptos dos tomistas (cristiáns), etc.).

Ademais todas as éticas materiais son:

- **EMPÍRICAS**: **O seu contido está extraído da experiencia.** [(p. ex: Ética epicúrea: Como sabemos que o pracer é un ben máximo para o home? ⇒ Porque a experiencia nos mostra que dende nenos os homes buscan o pracer e foxen da dor. Como sabemos que para conseguir un pracer duradeiro e razoable temos que comer sobriamente e debemos afastarnos da política? ⇒ Porque a experiencia nos mostra que o exceso produce co paso do tempo dor e enfermidades e a política produce desgustos e sufrimentos. Todo isto son XENERALIZACIÓNS A PARTIR DA EXPERIENCIA).

- **HIPOTÉTICAS** nos seus principios. Non valen absolutamente, senón dun modo condicional, como medios para conseguir un certo fin. [(Cando un sabio epicúreo di: "Non bebas en exceso", quere dicir: "non bebas en exceso, se queres alcanzar unha vida moderada e pracenteira". Se alguén lle contesta: "eu non quero ese pracer, non quero esa vida", xa non ten valor para el.

Outro exemplo: Alguén che di: "se queres aprobar os exames, tes que estudar". Pero, que pasa se ti contestas: "eu non teño interese en aprobar"? Ese precepto xa non é válido para ti. **NON É UNIVERSAL.**]

- **HETERÓNOMAS**: **A lei, os preceptos veñen de fóra da propia razón. Obramos por desexo ou inclinación.**

Kant busca unha ética UNIVERSAL e RACIONAL, que tería que ser:

- **A PRIORI** (Non empírica), é dicir, que sexa UNIVERSAL e NECESARIA para todos os homes.

- **CATEGÓRICA** (Non hipotética), é dicir, que OS XUÍZOS SEXAN ABSOLUTOS, SEN CONDICIÓN NINGUNHA.

- **AUTÓNOMA** (Non heterónoma), é dicir, que sexa O PROPIO SUXEITO O QUE SE DETERMINE A SI MESMO A OBRAR, SEN QUE LLE SEXA IMPOSTO POR NADA EXTERIOR Á SÚA RAZÓN.

Por tanto, **UNHA ÉTICA UNIVERSAL E RACIONAL NON PODE SER MATERIAL SENÓN FORMAL.** 🌟🌟🌟

Esta ética formal é unha ética **baleira de contido**: non establece ningún ben, fin; **non nos di o que temos que facer senón cómo debemos actuar.**

## O DEBER.-

A ética formal baséase no deber. Somos nós, cada un, os que temos que encher ese contido que está baleiro. E para Kant a única norma de moralidade é O DEBER. **Un home actúa moralmente, segundo el, cando ACTÚA POR DEBER.** 🍷🍷

O deber é para Kant: "*a necesidade dunha acción por respecto á lei*", é dicir, o sometemento a unha lei, **non pola utilidade ou satisfacción que o seu cumprimento poida proporcionarnos, senón por RESPECTO á mesma.** 🍷

[Vémolo na seguinte cita de SCHILLER: "*Axudo aos meus amigos, pero desgraciadamente fágoo por amor, e remórdeme a conciencia, porque estes actos non son virtuosos. Non teño outra solución que esforzarme por odialos e facer con repugnancia o que o deber me impón*" (!!!???.)]

Kant distingue tres tipos de accións:

- CONTRARIAS AO DEBER: Ex: un comerciante que cobra prezos abusivos.
- CONFORME AO DEBER: Ex: un comerciante que cobra o xusto para gañar diñeiro.
- POR DEBER: Ex: un comerciante que non cobra prezos abusivos porque non debe cobralos.

Soamente estas últimas accións posúen valor moral, son moralmente boas. Nelas non se actúa por ningún fin: é o **DEBER POLO DEBER** 🍷🍷🍷. Ningunha das dúas primeiras son moralmente boas. O valor moral non está por tanto nin no fin nin nos medios, senón no móbil que determina a súa acción.

Kant aspira a establecer **unha ética que sexa racional e de validez universal**, é dicir, unha lei moral a priori, que sexa:

- universal: que sexa vixente para todos os homes
- necesaria: que sexa así e non poida ser doutra maneira.

De tal modo ten que ser esa lei, que **NON QUEDE A MÁIS MÍNIMA DÚBIDA SOBRE ELA. IMPONSE POR SI MESMA A TODOS OS HOMES E TEN UNHA VIXENCIA NECESARIA**, da mesma maneira que se impón pola razón, que os ángulos dun triángulo suman dous rectos.

## O IMPERATIVO CATEGÓRICO.-

A esixencia de obrar moralmente, segundo esta moral universal, ten que apoiarse en **IMPERATIVOS (±Mandamentos)**, que proveñen da vontade, non soamente da razón. Todos os homes teñen esa vontade. Estes imperativos teñen que ser **CATEGÓRICOS**, non hipotéticos.

A vontade é BOA POR SI MESMA, non polo que faga, non porque alcance o fin que se propoña, é dicir:

- A BOA VONTADE É AUTÓNOMA: a vontade dáse a si mesma as súas propias leis, que Kant chama IMPERATIVOS; neles está o deber moral do home; eses imperativos, en Kant, son absolutos.

- Kant rexeita toda heteronomía, e chega a dicir que se a vontade se move por INCLINACIÓNS (p. ex: tendencia á felicidade) ou é movida por un FIN ou OBXECTO (p. ex: agradar aos pais, aos amigos; sacar boas notas, etc.), deixa de ser autónoma e convértese en heterónoma. 🍷🍷



- A vontade é o único **LEXISLADOR MORAL** que se pode admitir: a autonomía da vontade consiste en que ela é por si mesma, a lei; a lei que a vontade se dita a si mesma é chamada por Kant **IMPERATIVO CATEGÓRICO**. Non condicionado por nada, é necesariamente absoluto. (ISTO TEN SENTIDO NO REINO DOS FINS, REINO DOS SERES RACIONAIS OU REINO DA LIBERDADE E AUTODETERMINACIÓN).☀️☀️

Kant **non ofrece REGRAS DE CONDUCTA** que nos permitan vivir honestamente, non dá normas de ningunha clase, **senón CRITERIOS RACIONAIS** para determinar a validez de todas as regras, de todas as normas.

E chega, como víamos, a que **o criterio supremo da moral**, a única orientación válida para toda conduta humana, a única que se pode chamar ética, **é O DEBER POLO DEBER**.

Kant deunos varias formulacións do seu IMPERATIVO CATEGÓRICO:

1ª Formulación: "OBRA SÓ SEGUNDO UNHA MÁXIMA TAL QUE POIDAS QUERER AO MESMO TEMPO QUE SE TORNE EN LEI UNIVERSAL" (Máxima = Norma de conduta pola que se rexe un suxeito).

Outras Formulacións: "ACTÚA DE TAL MODO QUE A VONTADE POLA SÚA MÁXIMA SE TEÑA A SI MESMA COMO LEXISLADORA UNIVERSAL"

"OBRA DE TAL MANEIRA QUE USES A HUMANIDADE, TANTO NA TÚA PERSOA COMO NA PERSOA DE CALQUERA OUTRO, SEMPRE COMO UN FIN E NUNCA SÓ COMO UN MEDIO".

**O imperativo categórico é unha PROPOSICIÓN SINTÉTICO-PRÁCTICA A PRIORI.**

**OS POSTULADOS DA RAZÓN PRÁCTICA (LIBERDADE, INMORTALIDADE, EXISTENCIA DE DEUS).**-

Na *Crítica da Razón Pura* puxérase de manifesto a imposibilidade da metafísica como ciencia, e por tanto, a imposibilidade dun coñecemento obxectivo acerca da alma, mundo, Deus e da liberdade.

Pero Kant **NUNCA NEGOU A INMORTALIDADE DA ALMA OU A EXISTENCIA DE DEUS**. O único que di é que **non son obxecto de coñecemento**.☀️ O campo de afirmación destes temas é a **RAZÓN PRÁCTICA**. Non son obxecto de coñecemento científico, senón que **hai que admitilos como POSTULADOS**. ☀️

Deus, a alma, a súa inmortalidade, a liberdade, o mundo... son **POSTULADOS DA RAZÓN PRÁCTICA**. [Para comprender o que significan estes postulados, convén ter claros algúns conceptos. Hai que distinguir entre:

Axiomas: proposicións evidentes por si mesmas que non necesitan demostración: p.ex: "toda cantidade é igual a si mesma".

Teoremas: proposicións que non son evidentes por si mesmas pero poden ser demostradas: p. ex: o teorema de Pitágoras. ]


Postulados: **proposicións que non son evidentes e non poden demostrarse, pero hai que admitilas porque senón sería imposible algo**, [p.ex: nas Matemáticas: o Postulado 5º de Euclides (nun plano e por un punto exterior a unha recta só se pode trazar a dita recta unha paralela)].

Segundo Kant, **AS REALIDADES METAFÍSICAS NON SON EVIDENTES, NON SE PODEN DEMOSTRAR, PERO HAI QUE ADMITILAS PARA QUE SEXA POSIBLE A MORAL**☀️☀️☀️:

- A LIBERDADE: Para que sexa posible a moral autónoma [(o obrar por respecto ao deber)] é necesaria a liberdade. Senón faríase imposible a moral.

- A INMORTALIDADE DA ALMA: A vontade, na súa acción moral, persegue un termo (obxectivo) [(cumprir sempre o seu (teu) deber = ser sant@)] que non o consegue nesta vida: logo hai que afirmar a inmortalidade.

- DEUS: No mundo, o ser e o deber ser non se identifican: é necesario admitir a Deus como o ser onde se identifican esas dúas realidades. Nel dáse unha **UNIÓN PERFECTA ENTRE VIRTUDE E FELICIDADE**.



## **[RELACIÓN DE KANT (“XERAL”) COA HISTORIA DA FILOSOFÍA.**

Un dos principais motivos polos que actualmente nos distanciamos de Kant é que **agora non é posible soste o apriorismo das leis da natureza**. Lembremos que para Kant ditas leis son sintéticas *a priori* : incrementan a experiencia e teñen unha validez universal. Porén, **A EVOLUCIÓN DA FÍSICA CONTEMPORÁNEA AMOSA, CONTRARIAMENTE Á CRENZA KANTIANA, A POSIBILIDADE DO INDETERMINISMO**. Así **A MECÁNICA CUÁNTICA SUBSTITÚE A NOCIÓN DE CAUSALIDADE POLA DE PROBABILIDADE**.

Por outra banda, **KANT EQUIVOCOUSE AO FACER DEPENDER A XEOMETRÍA DA PERCEPCIÓN**. Kant pensaba que a única xeometría posible e necesaria é a euclidiana. **ACTUALMENTE SABEMOS QUE EXISTEN MOITAS MÁIS**. En calquera caso, as formas puras da sensibilidade –**ESPAZO E TEMPO**- se teñen confirmado coma un *A PRIORI* PARA O INDIVIDUO pero son *A POSTERIORI* RESPECTO DA ESPECIE: **AS ESTRUTURAS PERCEPTIVAS PERTENCENTES AO NOSO APARATO NEUROSENSORIAL TEÑEN SIDO ADQUIRIDAS POLA ESPECIE NO CURSO DA EVOLUCIÓN, LOGO NON SON INNATAS**.

**A GRANDEZA DE KANT, NON OBSTANTE, ESTÁ FÓRA DE TODA DÚBIDA**. **As súas análises do coñecemento e das etapas nas que se divide a organización cognitiva (do coñecemento) están cheas de suxestións**. **A súa grandeza de miras é salientable á hora de subliñar a importancia das grandes teorías**.

**KANT COMPARA A SÚA REVOLUCIÓN FILOSÓFICA COA REALIZADA POR COPÉRNICO NA ASTRONOMÍA (XIRO COPERNICANO)**. En efecto Copérnico deuse conta de que o conxunto das observacións astronómicas das que dispuña non tiñan unha interpretación correcta se se sotiña que o Sol xiraba ao redor da terra, pero si se se invertían os termos. Do mesmo xeito, **KANT DEIXA DE SUPOÑER QUE AS CONDICIÓNS DA OBXECTIVIDADE EN XERAL SEXAN ALGO POSTO POLOS PROPIOS OBXECTOS NO SUXEITO E APOSTA POR QUE SEXAMOS NÓS, O SUXEITOS QUEN FAGAMOS QUE AS COUSAS SE AXUSTEN ÁS NOSAS DETERMINACIÓNS**. Kant establece así unha **CORRELACIÓN ENTRE O SUXEITO E O OBXECTO DO COÑECEMENTO ABSOLUTAMENTE NOVA** e da que atoparemos ecos na **discusión epistemolóxica actual** como na disputa entre o **NEOCONTEXTUALISMO** de Rorty e O **REALISMO INTERNO** de Putnam, e a deste co **FISICALISMO**.

A súa reivindicación da **AUTONOMÍA E DIMENSIÓN HUMANISTA DA RAZÓN ILUSTRADA** segue a ser hoxe guía para quen entende a modernidade coma un proxecto inacabado (Habermas e a pequena esperanza de Marcuse: “Sexamos realistas, pidamos o imposible”, “A imaxinación ao poder”, “Outro mundo é posíbel”). Neste sentido a filosofía kantiana marca o **DEBATE CONTEMPORÁNEO CENTRADO NA DISPUTA ENTRE A DEFENSA DUN PENSAMENTO FEBLE OU POSTMODERNO, QUE NON ACEPTA Á RAZÓN ILUSTRADA AGÁS COMO RELATO, E FILOSOFÍAS CRÍTICAS DA RAZÓN ILUSTRADA QUE RECOÑECEN, PORÉN, A SÚA NECESIDADE E A CENTRALIDADE DO SEU PROXECTO EMANCIPADOR.** ]

## D) TEXTOS KANT

### KANT, texto 1 - «Que é a ilustración?»

*A ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da cal el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro. Un mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón de decisión e valor para servirse del sen a dirección de outro. Sapere aude! Ten o valor de servirte do teu propio entendemento!, velaí a divisa da ilustración. Preguiza e covardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes moito despois de que a natureza os ceibara da dirección allea (*naturaliter maiores*), sigan emporiso a ser con gusto toda a vida menores de idade; e é por iso que lles resulta tan doado ós outros erixirse nos seus titores. É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que ten unha conciencia moral para min, un médico que me prescribe unha dieta, etc., daquela non preciso molestarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar; xa haberá outros que asuman por min tan amoladora tarefa. A inmensa maioría dos homes (...) consideran que o paso cara á maioría de idade, ademais de pesado, é perigoso: iso procuran os titores que se encargaron bondadosamente do seu control. (...)*

Para a persoa individual é daquela difícil dar saída dunha minoría de idade case convertida en natureza (...) De aí que só uns poucos conseguisen co propio esforzo do seu espírito zafarse da minoría de idade e, con todo, manter o paso firme.

Ben máis posible é, pola contra, que o público se illustre por si mesmo; así será, de certo, case inevitablemente con só que se deixe en liberdade. Pois sempre se atoparán, mesmo entre os establecidos titores da gran masa, algúns que pensen por si mesmos, os cales, logo de desfacerse do xugo da minoría de idade, propagarán no seu redor o espírito dunha estimación racional do propio valor e da vocación de todo home a pensar por si mesmo.

I. KANT; «Que é a ilustración?» (Berliner Monatschrift, decembro, 1784). Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

### KANT, texto 2 - Prolegómenos a toda metafísica futura ...

Así pois, asemade enfastiados do dogmatismo que nada nos ensina e máis do escepticismo que nada nos promete, nin tan sequera o retiro nunha lícita ignorancia; requiridos pola importancia do necesario coñecemento, e desconfiados, pola nosa longa experiencia, verbo de todos aqueles coñecementos que coidamos posuír, ou daqueles que se nos ofrecen baixo o título da razón pura, o único que nos queda é unha pregunta crítica, consonte a cuxa resposta podemos no futuro dispoñer o noso proceder: É posible, en xeral, a metafísica?

Esta pregunta, non obstante, non ha de ser respondida con obxeccións escépticas fronte a unha metafísica existente (pois agora non damos por boa a ningunha), senón a partir do concepto puramente problemático dunha tal ciencia.

I. KANT; Prolegómenos a toda metafísica futura que poida presentarse como ciencia. «Cuestión xeral dos Prolegómenos: É posible, en xeral, a metafísica?» § 4, 274. Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

### **KANT, texto 3 - Crítica da razón pura (1787)**

De que o noso coñecemento comeza coa experiencia, diso non hai dúbida; pois, por que outro medio ía espertar a facultade de coñecer para o seu exercicio como non fose polos obxectos que tocan os nosos sentidos, que por unha banda provocan por si mesmos representacións e, por outra, poñen en movemento a nosa actividade intelectual para comparalas, ligalas ou separalas, transformando deste xeito a materia bruta das impresións sensibles en coñecemento dos obxectos que chamamos experiencia? Non hai, pois, *na orde do tempo*, ningún coñecemento que preceda en nós á experiencia e con ela comeza todo coñecemento.

Mais, aínda cando todo o noso coñecemento empece coa experiencia, non por iso todo el procede exactamente da experiencia. Pois ben podería ser que mesmo o noso coñecemento empírico fose un composto do que recibimos a través das impresións e do que a nosa propia facultade cognoscitiva (apenas estimulada polas impresións sensibles) produce por si mesma, engadido este que nós non poderemos distinguir daquela materia prima antes de que un longo exercicio chame a nosa atención sobre iso e nos faga hábiles para levar a cabo a súa separación.

Hai, pois, cando menos, unha cuestión necesitada dunha máis minuciosa investigación e que non se pode despachar cunha primeira ollada: a de se hai semellante coñecemento, independente da experiencia e ata de todas as impresións dos sentidos. Tal coñecemento denomínase *a priori* e distínguese do empírico, o cal ten as súas fontes *a posteriori*, é dicir, na experiencia.

I. KANT, Crítica da razón pura (1787). Introducción (I. Da distinción do coñecemento puro e empírico) Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

### **KANT, texto 4 - Crítica da razón pura (1781/1787)**

Se chamamos sensibilidade á receptividade do noso ánimo (psique), para captar representacións en canto sexa dalgún xeito afectado, en contrapartida, a facultade de producir por nós mesmos representacións, a espontaneidade do coñecemento, será entendemento. Á nosa natureza pertence que a intuición nunca poida ser máis ca sensible, é

dicir, contén unicamente o modo como somos afectados polos obxectos. Pola contra, a facultade de pensar o obxecto da intuición sensible é o entendemento. Ningunha destas propiedades prevalece sobre a outra. Sen sensibilidade ningún obxecto nos sería dado, e sen entendemento ningún podería ser pensado. Pensamentos sen contido son baldeiros, intuicións sen conceptos son cegas. Por iso tan necesario é facer os seus conceptos sensibles (é dicir, agregarlle o seu obxecto na intuición) como facer comprensibles as súas intuicións (é dicir, sometelas a conceptos). Ambas as dúas facultades ou capacidades non poden tampouco permutar as súas funcións. O entendemento non pode intuír nada e os sentidos non poden pensar nada. Unicamente na súa reunión pode orixinarse o coñecemento. Non por iso, non obstante, podemos mesturar a súa participación, senón que hai serios motivos para separalos coidadosamente e distinguilos entre si. Por iso distinguimos a ciencia das regras da sensibilidade en xeral, é dicir, a estética, da ciencia das regras do entendemento en xeral, é dicir, a lóxica.

I. KANT; Crítica da razón pura, (A51/B75-A52/B76) I. (Doutrina trascendental dos elementos), 2ª parte (A lóxica trascendental) Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

### **KANT, texto 5 - Fundamentación da metafísica dos costumes**

Non hai en ningures no mundo, nin sequera fóra del, nada pensable que poida ser considerado sen restrición bo, agás unha *boa vontade*. (...)

A boa vontade non o é pola súa acción ou os seus efectos, nin pola súa idoneidade para acadar tal ou cal fin proposto, senón unicamente polo querer, é dicir, é boa en si, e, considerada por si mesma, é en comparación moito máis digna de estima ca todo o que por ela puidese lograrse para satisfacer tal ou cal inclinación ou, se se quere, a suma de todas as inclinacións. (...)

Para desenvolver, porén, un concepto dunha boa vontade digna en si mesma da máis alta estimación e desprovista de calquera propósito ulterior, tal como xa está no san entendemento natural, que non precisa tanto de ser ensinado, senón máis ben só ilustrado (...) imos tomar en consideración [poñer diante nosa] o concepto de deber (...)

deber é a necesidade dunha acción por respecto á lei. (...)

O valor moral da acción non reside, por tanto, no efecto que dela se espera e tampouco en ningún principio da acción que precise tomar prestada a súa motivación daquel efecto esperado. Pois todos eses efectos (a comodidade da propia situación, ou mesmo o fomento da felicidade allea) podían ser logrados por outras causas e non se precisaba para iso da vontade dun ser racional, unicamente na cal, non obstante, se pode atopar o ben supremo e incondicionado. Por iso ningunha outra cousa máis que a representación da lei en si mesma

–que, de certo, só pode realizarse no ser racional– en canto é ela, e non o efecto que agardamos, a determinación última da vontade, pode constituír o ben excelente que chamamos ben moral, o cal está xa presente na persoa mesma que actúa conforme á lei, pero que non se pode esperar do efecto [desa acción]. Mais, que clase de lei pode ser esa cuxa representación, mesmo sen tomar en consideración o efecto que dela agardamos, ten que determinar a vontade, a fin de que esta poida chamarse boa absolutamente e sen reservas? Tendo eu despois á vontade de todos os estímulos que poderían afastala da observancia dunha lei calquera, nada máis resta que a conformidade a unha lei universal das accións en xeral, a cal unicamente ha de servir á vontade como principio; é dicir, eu debo conducirme sempre unicamente de xeito que eu poida tamén querer que a miña máxima se torne en lei universal. Aquí é, pois, a mera legalidade en xeral (sen poñer como fundamento lei ningunha determinada a certas accións) a que serve de principio á vontade e a que tamén como tal lle ten que servir se é que baixo calquera circunstancia o deber non ha de ser unha va ilusión e un concepto quimérico. E con isto está en perfecta concordancia a común razón dos homes nos seus xuízos prácticos, tendo sempre diante dos ollos o mencionado principio.

I. KANT; Fundamentación da metafísica dos costumes, Cap. I (Tránsito do coñecemento racional moral ordinario ó filosófico) Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

### **KANT, texto 6 - Fundamentación da metafísica dos costumes**

Pois ben, todos os imperativos ordenan ou hipotética ou categoricamente. Aqueles [os hipotéticos] representan a necesidade práctica dunha posible acción como medio para acadar outra cousa que se queira (ou que posiblemente se queira). O imperativo categórico sería aquel que representa unha acción como obxectivamente necesaria por si mesma, sen relación con ningún outro fin. (...)

Un imperativo que, sen poñer como condición ningún outro propósito acadable por medio dun determinado comportamento, ordena ese comportamento de inmediato. Tal imperativo é categórico. Non concirne á materia da acción e ó que dela poida resultar, senón á forma e ó principio do que ela mesma se deriva, e o esencialmente bo de tal acción reside na disposición de ánimo, calquera que sexa o resultado da acción. Este imperativo pode chamarse o imperativo da moralidade.

I. KANT; Fundamentación da metafísica dos costumes, Cap. 2 (Tránsito da filosofía moral popular á metafísica dos costumes) Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

### **KANT, texto 7 - Crítica da razón práctica**

A autonomía da vontade é o único principio de todas as leis morais e de todos os deberes conformes a elas: toda heteronomía do libre arbitrio, pola contra, non só non funda

ningunha obrigatoriedade, senón que é máis ben contraria ó principio da mesma e da moralidade da vontade. É que o principio único da moralidade consiste na independencia da lei verbo de toda materia (a saber, dun obxecto desexado) e, ó tempo, na determinación do libre arbitrio pola mera forma lexisladora universal de que unha máxima ten que ser capaz. Aquela independencia é a liberdade en sentido negativo, mais esta lexislación propia da razón pura e, en canto tal, práctica, é a liberdade en sentido positivo. Por conseguinte, a lei moral non expresa nada máis que a autonomía da razón pura práctica, é dicir, a liberdade, e esta é mesmo a condición formal de todas as máximas, as cales unicamente baixo de tal condición poden coincidir coa lei práctica suprema.

I. KANT; Crítica da razón práctica (1788); Parte 1ª (Doutrina elemental da razón práctica), Libro I (Analítica da razón pura práctica), Cap. I (Dos principios da razón pura práctica), § 8, Teorema IV. Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)

### **KANT, texto 8 - Fundamentación da metafísica dos costumes**

Todos os seres racionais están, pois, baixo a lei segundo a cal cada un ha de tratarse a si mesmo e a todos os demais *en toda circunstancia simultaneamente como un fin en si mesmo e nunca como un simple medio*. Xorde de aquí unha sistemática ligazón de seres racionais por medio de leis obxectivas comúns, é dicir, un reino, o cal, posto que esas leis teñen precisamente por obxecto a relación destes seres entre eles como fins e medios, pode chamarse un reino dos fins (claro está só como ideal). (...) No reino dos fins todo ten ou ben un *prezo* ou ben unha *dignidade*. O que ten un prezo é aquilo en cuxo lugar pode ser posto algo como *equivalente*; o que, pola contra, está por encima de todo prezo, non admitindo, xa que logo, ningún equivalente, iso ten unha dignidade. O que se refire ás inclinacións e necesidades humanas ten un *prezo de mercado*; o que, mesmo sen presupoñer unha necesidade, se acomoda a un certo gusto, é dicir, a unha satisfacción do mero xogo, sen finalidade ningunha, das nosas facultades anímicas, ten un *prezo afectivo*; aquilo, non obstante, que constitúe a condición baixo a cal unicamente pode algo ser fin en si mesmo, iso, simplemente, non ten ningún valor relativo, é dicir, un prezo, senón un valor intrínseco, é dicir, *dignidade*. A moralidade é, pois, a condición unicamente baixo a cal un ser racional pode ser fin en si mesmo, porque só por medio dela é posible ser un membro lexislador no reino dos fins. Así pois, a moralidade e a humanidade, en canto capaz de moralidade, é o único que ten dignidade.

I. KANT; Fundamentación da metafísica dos costumes, Cap. 2 (Tránsito da filosofía moral popular á metafísica dos costumes). Trad. de Rafael Martínez Castro (USC)